



(+34) 981 56 97 40

Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña

info@comisiondatransparencia.gal


www.comisiondatransparencia.gal

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 04/03/2019 8:45:49

SAIDA 3064/19



Reclamante: [REDACTED]
Expediente. Nº RSCTG 7/2019

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Vista a reclamación remitida con data do 11 de xaneiro de 2019 pola Secretaría Xeral de Medios da Presidencia da Xunta de Galicia, presentada por [REDACTED] en representación da Plataforma [REDACTED] mediante escrito que tivo entrada nesa unidade administrativa o 2 de xaneiro de 2019, contra a resolución da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico do 28 de decembro de 2018, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] en representación da Plataforma [REDACTED] [REDACTED] presentou, mediante escrito que tivo entrada na Subdirección Xeral de Réxime Xurídico da Secretaría Xeral de Medios da Presidencia da Xunta de Galicia o 2 de xaneiro de 2019, unha reclamación contra a resolución da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico do 28 de decembro de 2018, pola que se resolve a súa solicitude de acceso á información presentada con data do 6 de novembro de 2018, ao acceso aos informes, convenios ou contratos de carácter público, copias das auditorías realizadas e de cada un dos proxectos xustificadas, as subvencións e axudas públicas, os orzamentos, con descrición das principais partidas orzamentarias e información actualizada e comprensible sobre o seu estado de execución, as contas anuais e os informes de auditoría de contas e de fiscalización por parte dos órganos de control, as retribucións percibidas anualmente, informe xustificativo do financiamento das campañas e recursos dedicados, todos eles relacionados con [REDACTED] [REDACTED] e emanado dá Secretaría Xeral de Medios, así como copia ou identificación do persoal público dependente da Secretaría Xeral de Medios destinado a xestionar os seus fondos públicos e organizar actividades relacionados con esta persoa e as referidas empresas

O reclamante no seu escrito de recurso, solicita a nulidade da resolución por considerar que contén datos erróneos ou incorrectos e notificados, dado que na resolución impugnada figura que non consta expediente ningún referido a [REDACTED] cando o que o interesado solicitou foi unha lista de todos os expedientes paralizados baixo a presidencia da Secretaría Xeral de Medios desde o ano 2013 relacionados coas actividades de [REDACTED]

Considera que a resolución non responde máis ala dos anos 2013 a 2015, ocultando os datos solicitados ata o 2018

Por este motivos solicita a suspensión da execución do acto administrativo e a súa nulidade

Segundo. Con data 15 de xaneiro de 2019, solicitóuselle á Secretaría Xeral de Medios a emisión do correspondente informe, aso efectos de que a Comisión da Transparencia puidese ditar resolución sobre a reclamación presentada.

A recepción da solicitud pola administración foi o 22 de xaneiro de 2019.

Terceiro. Con data de entrada no Rexistro do Valedor do Pobo do 4 de febreiro de 2019, a Subdirección Xeral de Réxime Xurídico da Secretaría Xeral de Medios da Presidencia da Xunta de Galicia remite informe e copia ordenada do expediente. No informe remitido, en sínteses manifesta o seguinte:

No escrito presentado polo recorrente o 6 de novembro de 2018, de solicitud de acceso a información estrutúrase en dúas partes. Na primeira parte solicita información sobre unha relación de supostas competencias, funcións e actuacións administrativas atribuídas, a maior parte, á Secretaria Xeral de Medios, así como información sobre unha lista de todos os expedientes paralizados baixo a presidencia da titular da secretaria xeral dende o ano 2013 relacionados coas actividades de [REDACTED]

A segunda parte do escrito concreta a información solicitada referida aos informes, convenios ou contratos de carácter público, copias das auditorías realizadas e de cada un dos proxectos xustificadas, as subvencións e axudas públicas, os orzamentos, con descrición das principais partidas orzamentarias e información actualizada e comprensible sobre o seu estado de execución, as contas anuais e os informes de auditoría de contas e de fiscalización por parte dos órganos de control, as retribucións percibidas anualmente, informe xustificativo do financiamento das campañas e recursos dedicados relacionados con [REDACTED] e emanado dá Secretaría Xeral de Medios, así como copia ou identificación do persoal público dependente da referida Secretaría Xeral, destinado a xestionar os seus fondos públicos e organizar actividades relacionados con esta persoa e as referidas empresas

Solicítouse informe á Subdirección Xeral de Xestión e Coordinación de Medios e á Subdirección Xeral de Enxeñaría e Planificación de Radio, Televisión e Multimedia, en relación coa "lista de expedientes" que supostamente estarían paralizados a xuízo do solicitante.

Seguindo o informe emitido pola Subdirección Xeral de Xestión e Coordinación, dado que na solicitude de acceso á información pública presentada se demandan contratos de carácter público subscritos con diversas empresas, déuselles traslado da solicitude e se lles concedeu un prazo de 15 días para facer alegacións.

O representante legal de [REDACTED] presentou alegacións, nas que se opón a posibilidade de remitir os contratos ao solicitante.

No referente á información pública obxecto da solicitude, e tal e como se indica na resolución recorrida, respecto dos expedientes paralizados, infórmase ao solicitante que non consta expediente ningún referido a [REDACTED]

En canto aos plans de medios das campañas de comunicación subscritos mediante contrato con [REDACTED] son os que se detallan na Resolución do 28 de decembro de 2018, na que tamén se relacionan os gastos menores correspondentes a actuacións divulgativas, para as que non se subscribe contrato.

Non constan convenios asinados con [REDACTED] ou [REDACTED]

Na resolución indícaselle ao interesado os enlaces onde pode obter a información relativa as convocatorias e bases reguladoras de axudas, así como as concesións, con indicación dos beneficiarios e importes.

Infórmase ao solicitante na resolución que non constan nos expedientes a realización de auditorías, pois a normativa reguladora destes procedementos non establece a realización de auditorías e indícaselle así mesmo que a partida orzamentaria que financia as campañas de comunicación é a 04.20.461A.640.0., incluída na Lei de orzamentos de cada ano.

Na resolución impugnada se relacionan os postos de traballo deste centro directivo.

Así mesmo indícaselle que dado que parte da información solicitada afecta a dereitos e intereses de terceiros que se opuxeron a solicitude de acceso á información, o acceso aos contratos suspéndese ata que transcorra o prazo para interpor o recurso contencioso administrativo, e para o caso de que se interpoña o recurso, ata que fora resolto.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, reconece na súa art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

De acordo co anterior, e dado que no presente caso a notificación da resolución da solicitude de acceso á información foi o 28 de decembro de 2018, e a reclamación presentouse con data do 2 de xaneiro de 2019, debe admitirse por estar en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O dereito de acceso á información regulado polo artigo 24 da Lei 1/2016, esta configurado como un dereito que comprende todo contido que obre en poder dun organismo suxeito á norma, e contra a resolución expresa ou presunta da solicitude, pode interporse reclamación ante a Comisión da Transparencia que se axustará na súa tramitación ao disposto en materia de recursos na vixente Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O reclamante no seu escrito de recurso, formula graves acusacións contra o órgano administrativo, a titular do mesmo e o persoal que forma parte del, que non deben formar

parte do contido dunha reclamación en materia de acceso á información pública, e que non procede analizar nesta resolución por non ser competencia desta Comisión.

O artigo 115 da citada Lei 39/2015, establece que a interposición do recurso, entre outras cuestións, deberá expresar a razón da súa impugnación. No presente caso, o reclamante solicita a nulidade da resolución por considerar que contén datos erróneos ou incorrectos e notificados, sen xustificar de forma minimamente comprensible en que consiste o erro ou a incorrección, mais ala de afirmar que na resolución impugnada figura que non consta expediente ningún referido a [REDACTED] cando o que o interesado solicitou foi unha lista de todos os expedientes paralizados baixo a presidencia da Secretaría Xeral de Medios desde o ano 2013 relacionados coas actividades de [REDACTED] e [REDACTED] e que a resolución non responde máis ala dos anos 2013 a 2015, ocultando os datos solicitados ata o 2018, polo que solicita a *suspensión da execución do acto administrativo e a súa nulidade*.

De acordo co informe e a copia do expediente remitido pola Secretaría Xeral de Medios a esta Comisión, e a resolución do 28 de decembro de 2018 agora recorrida na que se da a acceso á información solicitada, informouse ao solicitante de que non constaba ningún expediente *paralizado* referido a [REDACTED] a apertura de prazo de alegacións a terceiros interesados por si o acceso á mesma puidera afectar aos seus dereitos e intereses, se lle remitiron a referencia dos plans de medios das campañas de comunicación subscritos mediante contrato, a relación dos gastos menores correspondentes a actuacións divulgativas para as que non se subscribe contrato. Se lle informou na resolución de que non constan convenios asinados con [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] ou [REDACTED] [REDACTED] se lle remitiron os enlaces onde pode obter a información relativa as convocatorias e bases reguladoras de axudas, así como as concesións, con indicación dos beneficiarios e importes, se informou que non constan nos expedientes a realización de auditorías e o motivo polo que non constan, a partida orzamentaria que financia as campañas de comunicación e os postos de traballo do centro directivo solicitado.

Así mesmo indicóuselle que o acceso á información que afecta a dereitos e intereses de terceiros que se opuxeron a solicitude de acceso á información, suspéndese ata que transcorra o prazo para interpor o recurso contencioso administrativo, e para o caso de que se interpoña o recurso, ata que fora resolto.

De acordo co anterior, considérase que a solicitude de acceso á información tramitouse de conformidade co disposto na normativa en materia de transparencia e se proporcionou ao interesado a información solicitada, sen que se aleguen e acrediten polo reclamante, motivo algún para a estimación da reclamación presentada.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia


ACORDA

Único: Desestimar a reclamación presentada por [REDACTED] en representación da [REDACTED] contra a resolución da Secretaría Xeral de Medios do 28 de decembro de 2018, pola que se lle concede o dereito de acceso á información solicitada.

Contra esta resolución que poñen fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2019

A presidenta da Comisión da Transparencia



Milagros Otero Parga

Milagros Otero Parga